



A paz faise entre todos

Coordinadora de Crentes Galegos

Como podemos falar de paz mentres construímos novas e formidables armas de guerra? Como podemos falar de paz mentres xustificamos determinadas accións espurias con discursos de discriminación e odio?... A paz non é máis que un son de palabras, se non está fundamentada na verdade, se non se constrúe de acordo coa xustiza, se non está vivificada e completada pola caridade, e se non se realiza na liberdade.

(Papa Francisco, discurso en Hiroshima, novembro 2019)

As palabras de Francisco lévannos a reflexionar ás persoas Cristiás, no comezo do ano, sobre o noso compromiso diario na construción da paz no mundo que vivimos e na nosa realidade máis próxima: Galicia. Certo que vivimos nun lugar privilexiado fronte a millóns de persoas no mundo. Porén, esta paz aparente é feble e pode rachar en calquera intre. A metade dos galegos sobreviven a base de prestacións públicas: pensións e subsidios (Voz de Galicia 26-11-2019). Os recentes sucesos en Chile, un dos países máis prósperos de América do Sur, avisan da fragilidade das sociedades chamadas do benestar. A violencia de xénero que este ano foi especialmente dura na nosa terra, a xenofobia, a homofobia e os novos discursos do odio dalgún grupo político, mesmo amparándose na relixión cristiá, son mostras de que a paz está lonxe de ser estable.

1.- Que podemos aportar?

Para lograr un clima de paz é imprescindible que todos os membros dun colectivo, dun pobo, se sumen ao proxecto de construír